



PLAN DIXITAL

CEIP "ADR CASTELAO"

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

C.E.I.P. A.D.R. Castelao de Rianxo

Código do centro: 15014180

R/ Rosalía de Castro nº 12 C.P. 15920 Rianxo – A Coruña

Teléfono: 881866861

Correo electrónico: ceip.castelao.rianxo@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaorianxo>

Blog da biblioteca: <http://bibliotecacastelao.blogspot.com>

TOTAL ALUMNADO E GRUPOS

INFANTIL E PRIMARIA			
		Alumnado	Grupos
Educación infantil 2º ciclo	3-4 anos	26	2
	4-5 anos	42	2
	5-6 anos	43	2
Totais de educación infantil		111	6

Educación primaria	1º	36	2
	2º	49	2
	3º	44	2
	4º	45	2
	5º	43	2
	6º	69	3
Totais de educación primaria		277	13
Total xeral		388	19

POSTOS DE TRABALLO

	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	FR	Total
Catálogo do centro	8	12	2	1	1	2	2 +1/2	1	1	1	31+ 1/2
Cubertos no presente curso	8	12	2	1	1	2	2 +1/2	2	1	1	32+ 1/2
Cubertos con destino definitivo	8	12	2	1	1	2	2 +1/2	1	1	1	31+ 1/2

XORNADA ESCOLAR

O centro ten xornada única desde o curso 2008/2009 en horario de 9.30 a 14.30. Así mesmo conta con transporte escolar e servizo de comedor de xestión directa.

HORARIO DE VISITAS

EQUIPO DIRECTIVO: martes de 12.40 a 14.30./ xoves de 9.30 a 10.25.

TITORÍAS: Luns de 16.00 a 17.00h, previa cita. Fóra desta canle de comunicación os titores/as deberán informar á dirección de calquera outro medio que empreguen.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: previa cita.

AUXILIAR ADMINISTRATIVA: de luns a venres de 9.30 a 14.30h.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. A.D.R. Castelao atópase no Concello de Rianxo, na rúa Rosalía de Castro número 12, moi preto doutros servizos comunitarios como o Pavillón Polideportivo Municipal, a Piscina Municipal, o Centro de Saúde e a Gardería.

Rianxo é a cabeceira do Concello do mesmo nome, que abrangue as parroquias de Rianxo, Taragoña, Araño, Asados, Leiro e Isorna cunha poboación de 11.554 habitantes. É un concello costeiro, as súas paisaxes cara o sur están dominadas pola ría de Arousa na desembocadura do río Ulla e polas xunqueiras e areas que conforman a súa costa, e cara o norte polos montes Treito, Pico Muralla e pola Serra do Barbanza.

A ECONOMÍA

A actividade económica céntrase na explotación dos recursos mariños a través de actividades extractivas, marisqueo e pesca de baixura e de actividades acuícolas, sobre todo, o cultivo do mexillón. A explotación dos recursos mariños facilitou a implantación dalgunha industria conserveira, non obstante bastante limitada se comparamos esta actividade coa súa implantación nos concellos da zona. A construción e as actividades afíns ocupan unha porcentaxe importante e significativa da poboación do Concello. A actividade económica xerada pola confección téxtil tamén é significativa.

CULTURA

Rianxo conta cunha historia moi rica e singular, que podemos percorrer a través das pegadas que foron deixando os seus poboadores no seu territorio:

- Restos prehistóricos únicos na zona sobre todo os de petróglifos e mámoas, algún destes elementos dunha enorme beleza contrastando cun estado de abandono.
- Importante patrimonio arquitectónico tanto civil como relixioso, igrexas parroquiais, pazos urbanos e rurais, ao carón das formas de expresión da arquitectura popular: hórreos, cruceiros, pombais.

Indicar finalmente a importante aportación de persoas nadas neste concello á cultura: Rafael Dieste, Manuel Antonio, Paio Gómez Chariño e, por suposto, Castelao que dá nome ó noso colexio.

SERVIZOS

O concello de Rianxo conta cunha oferta importante de servizos complementarios ós servizos educativos regrados:

- Biblioteca Municipal
- Auditorio e Casa da Cultura
- Polideportivo Municipal
- Piscina Municipal
- Museo do Mar e Aula Activa do Mar
- Clubs para deportes náuticos
- Club de xadrez
- Escola de Música
- Grupos de baile e música tradicional
- Centro cultural nas parroquias

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Ao ser este o primeiro ano, recibíuse formación por parte do mentor de zona, houbo reunións para a elaboración dos informes SELFIE, CDD e DAFO, informouse ao profesorado ao respecto e elaborouse o PLAN DE ACCIÓN.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro conta cunha conexión cableada de internet con fibra a 200MB. Ademais conta con dúas wifi:
 - Unha rede wifi local, cunha conectividade nalgúns momentos pouco estable e con algúns puntos negros dentro do centro.
 - Unha rede Abalar que da servizo as aulas de 5º e 6º de Primaria que contan cun proxecto E-Dixgal.
- O equipamento dispoñible no centro distribúese do seguinte xeito:
 - En todas as aulas hai un ordenador do profesor, portátil ou de sobremesa, e unha pizarra dixital. Algunhas aulas contan con unha ou dúas tablets. En total hai 44 portátiles, dos que 11 non funcionan; 1 ordenador de sobremesa e 16 tablets, das que 3 non funcionan.
 - Nas aulas de 5º e 6º contan ademais cun ordenador portátil por cada alumno (E-Dixgal).
 - Os equipos de xestión e administración contan con 3 ordenadores sobremesa no despacho de dirección e 1 para administración.
 - Na biblioteca hai 5 ordenadores: 4 para uso dos alumnos e 1 para o rexistro da biblioteca.
 - No centro hai dúas salas de profesores. Nunha hai 3 ordenadores dos que 1 non funciona e os outros dous teñen graves problemas de funcionalidad. Na segunda sala de profesores hai dous ordenadores operativos.
 - A aula de informática ten 17 ordenadores moi obsoletos. Tres deles non funcionan e os 14 restantes non funcionan con regularidade o que complica moito o uso desta aula.
- O centro dispón dunha páxina web, aula virtual e E-Dixgal. Ademais se utiliza o espazo Abalar para a comunicación coas familias e un canal de difusión de Telegram para a comunicación interna do centro.
- A xestión do mantemento do equipamento do centro corre a cargo da UAC.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC
 - Plan de continxencia:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaorianxo/node/918>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	1,6				
	Profesorado	2,3				
	Alumnado	3,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	4,1				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	61	61,30%
PROVISIONAL	1	1	100,00%
INTERINO	1	1	100,00%
SUBSTITUTO	2	5	40,00%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,20%	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	56,2	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	69,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,30%
A2	12	52,20%
B1	9	39,10%
B2	1	4,30%
C1		
C2		
TOTAL	23	99,90%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		1. Aula de informática con ordenadores obsoletos e sen dispoñer dun ordenador por alumno. 2.- Acceso a internet, ás veces deficiente. 3.- Problemas coa rede eléctrica na aula de informática.
	PERSOAL DOCENTE	1.- Interese polo uso das novas tecnoloxías. 2.- Subscrición a distintas plataformas dixitais para a elaboración de material didáctico. 3.- Uso de E-dixgal en 5º e 6º de Ed. Primaria 4.- DPC por parte do profesorado. 5.- Incremento nos programas educativos de innovación. 6.- Cultura do traballo en equipo.	1.- Falta de tempo para a elaboración de materiais dixitais. 2.- Falta de implicación por un sector do profesorado. 3.- Exceso de burocracia. 4.- Exceso de proxectos a levar a cabo. 5.- Limitacións técnicas.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1.- Interese, por parte do alumnado, nas actividades dixitais.	1.- Falta de horario lectivo para a formación do alumnado na Competencia Dixital. 2.- Dificultades na comprensión lectora.
	FAMILIAS	1.- Vías de comunicación, corporativas, coas familias: . Páxina web. . Aula virtual. . Abalar.	1.- Falta de habilidades dixitais en boa parte das familias. 2.- En determinadas familias, só dispoñen dun ordenador para varios membros.
	OFERTA	1. Proxectos de Educación Dixital (E-Dixgal)	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.- Existencia dunha Aula Virtual activa.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.- Ratio profesor/alumno axeitada. 2.- Eliminación de barreiras. 3.- Financiación por obxectivos.	1.- Imposición de burocracia, que ralentiza a execución de proxectos. 2.- Asistencia técnica lenta para as necesidades do día a día.
	LEXISLACIÓN	1.- Cambios legislativos en busca de melloras.	1.- Cambio frecuente da lexislación en Educación.
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS						
1. OBXECTIVO :	Ampliar e renovar o equipamento da aula de informática.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora de TIC e Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	25 equipos actualizados e/ou renovados.					
Valor de partida	12 equipos obsoletos					
Valor previsto e data	25 equipos actualizados e/ou renovados.			1º trimestre: curso 2022/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO1.1: Realizar catalogación/ inventario do material dixital que dispoñemos	Coordinador de tics e PD	Primeira quincena de setembro 2022	Recursos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Actualización de equipos e expurgo	Equipo tics e PD	Primeiro trimestre	Recursos persoais e dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.3: Solicitud de novo equipamento	Coordinador de tics e PD	Ao final de cada trimestre.	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE / Colaboración e traballo na rede

2. OBXECTIVO :	Implementar distintos proxectos interdisciplinares por parte dos departamentos de Biblioteca, Extraescolares e EDLG	Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora de Biblioeca, extraescolares e/ou EDLG	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Proxectos dos Departamentos de Biblioteca, Extraescolares e EDLG.		
Valor de partida	0 proxectos		
Valor previsto e data	9 proxectos	Fin do curso 2022/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Acordar os proxectos e accións a desenvolver.	Persoa coordinadora de Biblioeca, extraescolares e/ou EDLG	30/06/23	Recursos persoais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Difundir as actividades do proxecto na Páxina Web.	Persoa responsable da páxina web	30/06/23	Recursos persoais e dixitais e páxina web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Obter produtos finais TIC.	Profesorado	30/06/23	Recursos persoais e dixitais		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

3. OBXECTIVO :	Elaborar cursos activos na Aula virtual do centro nos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria.	Acadado	
RESPONSABLE:	Titores e profesores especialistas.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Un curso na aula virtual por materia e curso.		
Valor de partida	0 cursos		
Valor previsto e data	10 cursos		

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (10)	
AO3.1: Matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro	Persoa coordinadora TIC	30/09/22	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Elaborar recursos dixitais nas distintas materias impartidas.	Profesores que imparten as materias.	30/06/23	Recursos dixitais nas aulas e na aula de informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Publicar as actividades nos cursos correspondentes do AV do centro	Profesores que imparten as materias.	30/06/23	Recursos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
A03.4:Promocionar o uso da Aula virtual entre o alumnado.	Profesores que imparten as materias.	30/06/23	Recursos dixitais nas aulas e na aula de informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE / Desenvolvemento profesional

4. OBXECTIVO :	Continuar no programa E-Dixgal no 5º e 6º curso de Educación Primaria.		Acadado	
RESPONSABLE:	Titores e profesores especialistas de ditos cursos.		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cursos E-Dixgal en todas as materias nos niveis de 5º e 6º.			
Valor de partida	0 cursos E-Dixgal en todas as materias nos niveis de 5º e 6º.			
Valor previsto e data	Todos os cursos E-Dixgal en todas as materias nos niveis de 5º e 6º.		Finais curso 2022/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Elaboración de cursos nas distintas materias impartidas.	Profesores que imparten as materias.	30/06/23	Recursos dixitais nas aulas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes.	Profesores que imparten as materias.	30/06/23	Recursos dixitais nas aulas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas.	Profesores que imparten as materias.	30/06/23	Actividades publicadas en E-Dixgal.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

5. OBXECTIVO:	Elaborar material didáctico a partir de distintas plataformas dixitais (Wordwall, Genial.ly, Canva, Liveworksheets).	Acadado	
RESPONSABLE:	Titores e profesores especialistas.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de Profesorado que elabora material didáctico nas plataformas dixitais.		
Valor de partida	0,00% do profesorado elabora material didáctico nas plataformas dixitais.		
Valor previsto e data	60,00% do profesorado elabora material didáctico nas plataformas dixitais.	Curso 2022/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Elaboración de distintas actividades usando plataformas dixitais.	Profesores titores e especialistas.	30/06/23	Recursos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Publicar as actividades elaboradas nos cursos da AV e de Edixgal.	Profesores titores e especialistas.	30/06/23	Recursos dixitais nas aulas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Que temos	Operatividade	Que necesitamos	Que solicitamos	Finalidade
Aula de informática	17 ordenadores	3 non funcionan e o resto teñen un funcionamento moi deficiente (ver adxunto), informe enviado en novembro do 2021, o técnico veu en decembro pero a operatividade segue sendo a mesma. Durante os últimos seis cursos leváñse solicitando a UAC a renovación dos equipos desta aula e foron denegadas todas as solicitudes. Neste curso a aula non tivo uso porque é imposible levar a cabo ningunha actividade.	25 ordenadores plenamente operativos.	25 ordenadores	Poder usar a aula de informática co noso alumnado.
Wifi	1 wifi local 1 wifi Abalar	A wifi local ás veces non é estable e conta con algúns puntos sen cobertura (aulas 599, 606 e 584)	Unha wifi estable en todo o centro.	Unha wifi estable en todo o centro.	Poder usar dispositivos inalámbricos en calquera aula do centro.
Aulas	11 tablets	9 tablets funcionan 2 non funcionan	<ul style="list-style-type: none"> ➤ 25 tablets para Ed. Infantil ➤ 25 tablets para 1º Ciclo de Ed. Primaria. ➤ 25 tablets para 2º Ciclo de Ed. Primaria. 	70 tablets	Poder facer actividades dixitais na aula nas que todo o alumnado dispoña dun dispositivo.

	Que temos	Operatividade	Que necesitamos	Que solicitamos	Finalidade
Aulas de Ed. Infantil	8 ordenadores	Os 8 ordenadores son Lenovo B590 3761 do ano 2013. Van moi lentos, cóstalle conectarse a Internet, non admiten programas novos e bloqueáanse constantemente.	6 ordenadores para as aulas de Ed. Infantil.	6 ordenadores portátiles	Dispór dun ordenador operativo en cada aula.
	8 pizarras dixitais GALNEO	Teñen problemas de calibración, se descalibran ao momento,o cañon non enfoca ben, perderon a función táctil e perderon calidade de imaxe. Ademáis dúas delas non se conectan ao ordenador.	6 pizarras dixitais	6 pizarras dixitais	Poder usar unha pizarra dixital en cada aula.
		O altavoz da aula 584 leva dous anos sen funcionar.			
Aula 606 (2º ciclo)	1 ordenador portátil	Tarda moito en arrancar.	1 ordenador portátil.	1 ordenador portátil.	Ter un ordenador de aula operativo.
	1 pizarra dixital	Non é táctil e, ás veces o lápiz tampouco está operativo.	1 pizarra dixital	1 pizarra dixital.	Ter unha pizarra dixital operativa.

	Que temos	Operatividade	Que necesitamos	Que solicitamos	Finalidade
Aula 579 (2º ciclo)	1 ordenador portátil	É un ordenador Lenovo Thinkpad que ten problemas cos portos USB. Ademais da un erro se se quere actualizar o sistema operativo.	1 ordenador portátil para a aula.	1 ordenador portátil.	Poder ter un ordenador operativo na aula.
Aula 573 (1º ciclo)	1 ordenador portátil	Ordenador que hai que configuralo constantemente, vai lento e é moi antigo afectando ao seu funcionamento	1 ordenador portátil	1 ordenador portátil	Poder ter un ordenador operativo na aula.
Aula de A.L.	Non hai ordenador	Non hai ordenador	1 ordenador portátil para a aula	1 ordenador portátil	Poder ter un ordenador operativo na aula.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan dixital se publicará na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaorianxo/>) e se comunicará ás familias a través do EspazoAbalar.